

Documento distribuído por
Álbum de mulleres

CFIG

As nosas accións

(as que lembramos)



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

CFIG. As nosas accións (as que lembramos):

Celebracións do 8 de marzo.

Esta efeméride daba lugar a unha reiterada polémica co feminismo de dobre militancia que versaba sobre a súa denominación. Nós defendiamos que se falara de *Día da Muller* e non de *Día da Muller Traballadora* como o outro feminismo o celebraba en consonancia coa súa militancia de clase (traballadora). No Colectivo considerabamos que excluía a moitas mulleres e que, en calquera caso, o de “traballadoras” era redundante, dada a carga de traballo remunerado e non remunerado que soportamos a maioría das mulleres.

No ano 1982 tomamos a Praza do Toural. Colocamos unha mesa, carteis, pancartas e decoramos a fonte con globos, confetti e paneis nos que se amosaba a exposición *<i>Como ves ti a túa nai?</i>*, composta por debuxos que recollemos de nenas e nenos sobre a temática proposta.

No ano 1983 elaboramos unha carta-manifesto dirixida a todas as mulleres expóndolles a nosa visión sobre a cuestión do aborto. E noutra ocasión elaboramos artesanalmente unhas 250 variñas máxicas que levaban colgado un texto a modo de conto e que vendemos de contado.

Non podemos rematar este apartado sen mencionar as festas que organizabamos cada oito de marzo e ás que asistían un gran número de mulleres. Porque a festa tamén forma parte da nosa historia.

Publicacións

A Saia. Boletín do Colectivo feminista Independente Galego do que publicamos dous números, o de 1982 e o de 1983.

O libro titulado *<i>Todo o que os homes saben sobre as mulleres</i>*, no ano 1983. Tratábase dun libro composto por páxinas en branco editado polo CFG.

Organización de conferencias, presentacións, debates...

No ano 1981 articulamos a *Homenaxe a Enriqueta Otero: unha muller na guerrilla*. Contou coa presenza de dita guerrilleira galega da resistencia antifranquista que pasou moitos anos na cadea.

Outro acto foi *Apuntes para unha análise do movemento feminista en Europa e en Galicia* a cargo de Ana Fernández e María Xosé Queizán. Esta última foi a relatora dunha outra conferencia organizada por nós co título de *A muller celta*.

Organizamos tamén unha conferencia da feminista catalá Grettel Amman, sobre o Feminismo Independente.

Organizamos ademais no 1985 un recital de poetas na cidade de Lugo.

Participación en xornadas

Participamos nas xornadas de feminismo independente celebradas en Vigo (1981), Donostia (1982), Valencia (1983) e Cidade Real (1984).

Tamén asistimos a unhas xornadas sobre o aborto organizadas na Coruña polo feminismo de dobre militancia. Nestas xornadas tivemos un interesante debate sobre se

o aborto é unha reivindicación feminista ou non, xa que nós consideramos que constitúe unha agresión ó corpo e á psique da muller e serve para manter unha sexualidade falocrática centrada no coito.

Campañas de denuncia

1982 para denunciar a violación dunha moza nos calabozos da policía municipal en Santiago. Entre as accións que programamos destaca a asistencia e boicot dun pleno do Concello utilizando globos, serpentinas e confetti. Dela fálase na editorial do número 1 de A Saia que remata dicindo “[...] *porque a violación é un acto do poder, e o poder é unha violación. CONTRA TODO PODER*”. Tamén se pode atopar información nos xornais da época. É de destacar neste caso os esforzos realizados pola nosa parte para realizar esta campaña co resto de organizacións feministas da cidade, máis non foi posible xa que o feminismo de dobre militancia preferiu aliñarse coas forzas políticas de esquerda.

No 1983 quixemos denunciar a invisibilización e utilización das mulleres mediante un acto consistente en cubrir con tela branca o monumento a Rosalía de Castro situado no paseo da Ferradura da Alameda de Santiago. Foi a última acción do noso colectivo e tamén foi noticia na prensa galega.